

## **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DE VISITA A TALLERES ARTESÁNS SITUADOS EN LOCAIS MUNICIPAIS**

Art. 1.- Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co 41 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público polas visitas de talleres artesáns situados en locais municipais.

Art. 2.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigadas ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas que visiten de xeito voluntario os talleres artesáns situados en locais de titularidade municipal.

Non xerará obriga de pago o acceso aos puntos de venda de produtos de artesanía que eventualmente poidan existir nos inmobles municipais, sempre que non se produza o acceso ao taller.

En ningún caso están obrigados ao pagamento quen acceda aos talleres artesáns ou locais municipais por razón do exercicio dunha función pública, ou os traballadores ou profesionais no desenvolvemento das súas actividades mercantís ou profesionais necesarias para o funcionamento do taller ou mantemento do inmovible.

Art. 3. Determinación do prezo público

De acordo co disposto no artigo 47 do TRLHL, o prezo dos diferentes artigos será fixado mediante acordo da Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, na determinación do prezo público, poderá establecer un prezo especial para excursións escolares, maiores de 65 anos e titulares de carné xoven ou de estudante. Este prezo reducido non poderá ser inferior ao 50% do prezo ordinario.

Art. 4.- Normas de xestión.

1.- O pago do prezo público realizarase polos obrigados mediante pago en efectivo, no mesmo acto de acceso e mediante a adquisición do billete de entrada.

A fin de instrumentar o documento de pago e de permitir o control da recadación, o concello porá a disposición dos talleres talonarios numerados de billetes de entrada e que serán de uso obrigatorio.

2.- A persoa responsable do taller deberá trasladar trimestralmente á tesouraría municipal os resgardos de venda e o importe da recadación.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza entrará en vigor e será de aplicación a partir da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derrogación.

Mondoñedo, 3 de marzo de 2017

Diligencia.- Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada provisionalmente no Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 25 de novembro de 2016,(publicada aprobación inicial no BOP nº 023 de 28/01/2017), aprobada definitivamente e publicada no B.O.P. nº 058 de 11/03/2017.